



## 1ª Promoción do Curso “Adestramento nas habilidades de Autonomía Persoal e Social: Asistencia Persoal”

Este ano por primeira vez, SARELA imparteu este curso destinado a persoas que desexen formarse para a asistencia e coidado persoal de persoas con Dano Cerebral Adquirido:

- O curso consta dun total de 250 horas, distribuídas de Luns a Venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, dende Setembro a Novembro.
- Os módulos dos que se compoñía o curso son: Contexto e Metodoloxía de la Intervención Social; Atención de unidades de convivencia; Habilidades de autonomía persoal e social; Pautas Básicas de Conducta e sistemas alternativos de comunicación; O perfil do coidador.
- O curso asistiron un total de 15 persoas.
- No mes de Novembro os alumnos puxeron en práctica os coñecementos adquiridos no Centro de Día de Atención Especializada SARELA.

- A avaliación do curso foi satisfactoria por parte dos alumnos, tanto no que se refire os contidos teóricos, a exposición dos mesmos, contidos prácticos, ...

Os obxectivos na impartición deste cursos por parte de SARELA son:

- Dar a coñecer este recurso social específico (historia da entidade, filosofía, fins, ...) e a metodoloxía de traballo empregada na entidade.
- Ofrecer a formación teórico-práctica precisa ós alumnos para desempeñar as funcións como asistente persoal en persoas con Dano Cerebral Adquirido.
- Posibilitar os familiares e persoas afectadas a existencia de profesionais formados no Dano Cerebral Adquirido.

# CONTINUANDO COA NOSA HISTORIA:

**2007** Xa somos 175 socios.

*Consólidanse os seguintes programas:*

Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido; Sensibilización da comunidade; Atención e rehabilitación a persoas afectadas por dano cerebral adquirido; Programa de Centro de Día de Atención Especializada.

Tamén se realizan diversas accións divulgativas como:

- Envío de dípticos a centros de saúde, aseguradoras, ...
- Reportaxes en prensa, radio e televisión sobre o centro e as actividades que no mesmo se levan a cabo.
- Envío de folletos informativos aos servizos sociais dos Concellos da área sanitaria de Santiago de Compostela.
- Cartas informativas sobre algún tema relacionado co dano cerebral adquirido aos médicos de atención primaria da área sanitaria de Santiago de Compostela.
- Entrevistas persoais con Traballadoras Sociais dos centros de saúde da área sanitaria de Santiago de Compostela para darlles a coñecer modificacións ou novidades nas actividades.
- Entrevistas con representantes institucionais e parlamentarios.
- Mercadiño permanente na Praza de Galicia de Santiago, xunto con outras asociacións.
- Mercadiño Solidario en xaneiro (Área Central) e xuño (Praza do Toural).

- II Concurso de Debuxo e Contos para escolares con grandes premios.
- Charlas informativas en Concellos, autoescolas, colexios,...
- Mantemento da páxina web , creada en decembro do ano 2006.

Seguimos realizando convenios de prácticas coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, coa facultade de Logopedia da Universidade de A Coruña e coa Concellaría de Promoción económica na categoría de Asistente Persoal.

Neste ano na asociación destacan dous feitos que axudan a cumprir os nosos obxectivos:

- A decisión do Consello de Ministros na sesión do 24 de agosto de declarar o 26 de outubro como "Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido", convertindo esta data nun acontecemento capaz de mobilizar á sociedade e de implicala na prevención e na atención das persoas afectadas e aos seus familiares.
- Apostar pola formación e futura certificación en Xestión de Calidade, ferramenta indispensable para mellorar o desempeño das organizacións.

Neste ano tamén quedou inscrita a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) no Rexistro Central de Asociacións e entre os seus fins está a defensa dos dereitos das persoas afectadas por dano cerebral.

*Como xa sabedes no Centro de Día de Atención Especializada facemos o longo do ano distintas actividades. Neste boletín saberedes ....*

# ¿QUÉ FACEMOS EN TA.CO.A (TALLER DE COIDADADO DE ANIMAIIS)?

Nesta actividade, que se realiza os martes de 10:30 a 14:00 horas no Refuxio Municipal de Animais situado en Bando en Santiago de Compostela facemos por grupos as seguintes actividades, cada persoa na medida das súas posibilidades e coñecementos, e tendo sempre en conta as súas preferencias:



Un grupo formado por personas que presentan maior nivel de dependencia colaboran no refuxio no coidado de determinados animais que teñen asignados e cos que van traballando día a día (cepillado, aseo, paseo, ....) .

Outro grupo formado por personas que presentan maior nivel de autonomía adicanse a colaborar no bo mantemento e funcionamento das instalacións, son os chamados “Brico-mens”... facendo tarefas de carpintería, electricidade (colocar portas, estanterías, adaptar os habitáculos dos animais ...) e tarefas administrativas. O obxectivo deste taller e poder realizar tarefas de voluntariado nunha entidade de carácter comunitario cada un na medida das súas posibilidades así como o aproveitamento das aportacións a nivel persoal que nos da esta experiencia, como son o coñecemento e sensibilización co mundo animal.

Por iso despois do traballo de todo o ano... como mostra de gratitude o noso traballo, de cando en vez temos unha pequena festiña! que agradecemos moito e ca que estamos encantadísimos ...





# NOVAS INCORPORACIÓNS NO PERSOAL DE SARELA

Dende o mes de novembro contamos con dúas novas incorporacións no cadro de persoal da Asociación :

- **Jose**, o **xestor económico** que vai a realizar, entre outras, a función de xestión económica e financeira da entidade.
- **Óscar**, o novo **fisioterapeuta** que substitue a Joaquin, realizará, entre outras, as funcións propias de valoración e tratamento individualizado dos pacientes, así como desenvolvemento e apoio nos talleres do Centro de Día de Atención Especializada (golf, piscina, ...)

*Benvidos compañeiros e esperamos contar coa vosa presenza durante moito tempo.*



**Jose, Xestor Económico**



**Óscar, fisioterapeuta**

## OS NOSOS COLABORADORES



**Agradecemoslles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.**